

TREN DE SOMBRAS

José Luis Guerín, 1997

1281

ESTREA EN NUMAX: 30.04.2024 | V.O. | 82 min

As filmacións estivais rexistradas en Lle Thuit (Alta Normandía) por un singular pioneiro do cinema amateur —o avogado parisiense Gérard Lleury (1877-1930)— orixinan unha indagación poética e detectivesca ao redor da imaxe cinematográfica.

«Evocando o "Blow-Up" de Antonioni, Guerín resignifica cada imaxe a través dun radiante e meticuloso traballo de dirección e fotografía»

Juan Velis, CINEMAGAVIA



Entrevista con José Luis Guerín: «En 'Tren de sombras' recoñezo o neno aterrorizado que todos levamos dentro»

Por Pelayo Sánchez

Como foron os teus inicios como cineasta? Sempre digo que o que eu facía era ver películas. Creo que a miña aprendizaxe máis natural ten unha relación directa co feito de ver máis dunha vez aquelas películas que me gustaban moito. Dese xeito, axiña intuía por que as cousas pasaban dunha maneira e non doutra; por que algo se filmou dunha forma concreta. E, ademais de ver cinema, tamén o facía: tiven unha camariña de Súper 8, e posteriormente fixen algunha curta en 16 e en 35 milímetros. É esa dobre vertente da aprendizaxe: dun lado ver e do outro facer. Así foron os meus comezos: ver cinema e facelo son dúas actividades para min reversibles, como ler e escribir. Un empeza a escribir como un xesto involuntario de agradecemento cara ao que leu e, no meu caso, empezar a facer cinema ten moito que ver con iso.

Estas primeiras pezas eran terribles, pero eu tomábaas moi en serio, cunha implicación absoluta: non facía as miñas películas como forma de aprendizaxe, senón coa firme convicción de que eran unha grande obra. Sentíame moi amparado polo underground, polos textos de Jonas Mekas, que aseguraban que a calidade dunha película non tiña nada que ver cos milímetros que tivese o seu celuloide. Non faciamos, por tanto, “películas de afeccionados”, senón cinema underground, e isto dábanos un lugar no mundo.

No ano 1997 chegaría *Tren de sombras*, a súa terceira longametraxe; a película, de entre todas as que fixo, pola que asegura sentirse máis representado. *Tren de sombras* é unha película que fala das pantasma da infancia, dos pesadelos nocturnos e das primeiras fantasías sobre o cinema. Nela recoñezo o meu lado máis íntimo: o neno aterrorizado que todos levamos dentro. Ademais, levo a cabo unha exploración da luz, o espazo e o tempo que forza o xogo co cinema ata un punto máis límite que no resto das películas que fixen. Con todo, penso que cada película que fago nunca a podería realizar sen os títulos anteriores. Nunca tería feito *Tren de sombras* sen *Innisfree* (1990) e, ao mesmo tempo, por moi afastada que estea *Innisfree*, nunca a podería facer sen *Los motivos de Berta* (1984).

En realidade todos os meus filmes abordan cuestións moi similares, unhas desde a ficción e outras desde o documental. En *Innisfree* está a procura de atopar a historia nos outros, é dicir, de que non todo xurda de min senón nun “pacto co accidental”, con outros personaxes en quen eu debo atopar a historia. Isto é algo que tamén está en *Tren de sombras*, onde dá a impresión de que o guión está contido nun espazo e que eu debo ser esencialmente un explorador de tal espazo: interpretar as pegadas, os signos, as paisaxes... saber deles e sacar deles a película.

Que opinas sobre a relación da mocidade actual cara ás imaxes? Considero unha carencia flagrante na nosa educación que os nenos estuden soamente literatura e non o que consomen esencialmente, que é comunicación audiovisual. Está a xerar imaxes xente que non sabe lelas, de maneira que terminan banalizándose ata o extremo. É necesaria urxentemente unha alfabetización audiovisual.

Publicado en culturajoven.es



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Ningún lugar adonde ir,
Jonas Mekas.
Caja Negra, 2008

*En construcción, de José
Luis Guerín,*
Bénédict Brémard
EUD, 2019

Coffret José Luis Guerín,
Versus [DVD]

En construcción,
José Luis Guerín, [DVD]